

ACTA 4.: COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO ACORDO DE CONCERTACIÓN DO EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA.

XUNTANZA DE SEGUIMIENTO DO CUMPRIMENTO DO ACORDO. ACTUACIÓNS QUE SE VAN A ABORDAR NO MES DE ABRIL.

Na dirección xeral da Función Pública do complexo administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela reúnense as 12 horas do día 12 de abril de 2019 as persoas que a seguir se sinalan: José María Barreiro Díaz, José Emilio Doforno Guzmán, Delia Irene Martínez Conde, Javier Lareu Rodiño, Lino Díaz Goás, Rubén Plaza Martínez, Víctor Gallego Vincent.

O director xeral da Función Pública expón os temas de traballo que se van a levar ás próximas Mesas Xerais de negociación a celebrar nos vindeiros meses para o cumprimento en tempo pola administración do acordo de concertación, así como a exposición dos asuntos a tratar.

Acórdanse ademais os seguintes criterios:

Primeiro.-En relación á batería de preguntas, que se farán na proba de funcionarización, tal como se informou na Comisión de Persoal, publicarse en relación aos temas aos que fan referencia e se enviará primeiro a todas as organizacións sindicais para súa mellora de redacción ou estilo de ser o caso.

Posteriormente, e para xeral coñecemento, as ditas baterías de preguntas serán publicadas na páxina web da dirección xeral da Función Pública.

Segundo.-O persoal que se funcionarice seguirá percibindo en concepto de antigüidade a mesma cantidade que estaba percibindo como laboral fixo nun concepto independente na nómina á marxe do complemento de funcionarización. Ademais o primeiro trienio que se perfeccione como funcionario non terá unha contía inferior ao que se percibiría como laboral.

Terceiro.-O proceso de funcionarización entenderse finalizado cando se rematen as convocatorias de todas as categorías que figurarán no anexo I do Decreto de funcionarización. Aos efectos de acadar unha funcionarización o máis ampla posible, de conformidade co establecido no acordo de concertación, a administración escoitada a comisión de seguimento deste

acordo e despois da negociación oportuna poderá convocar cada categoría as veces que se considere necesario.

Cuarto.-Esta comisión interpreta que a funcionarización acadarase polos distintos participantes despois da súa participación na fase de concurso. Polo tanto, a non superación da proba tipo test non impedirá que a persoa poida volver a optar a futuras convocatorias de procesos de funcionarización da súa categoría, tal como se establece no criterio anterior e que mentres estea nesta situación non procederá a devolución dos importes percibidos en concepto de carreira profesional.


Estes criterios da comisión de seguimento serán obxecto de negociación no futuro texto do Decreto que regule os procesos de funcionarización.

Quinto.-Os membros da comisión de seguimento consideran que deberá modificarse a disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, suprimindo a expresión: “*por unha soa vez*”, para así posibilitar unha máis ampla funcionarización en cumprimento do acordo de concertación. Esta medida a entenden compatible co establecido no EBEP.

Remata a sesión as 13 horas do día 12 de abril de 2019.

Presidente da Comisión de Seguimento O secretario da Comisión

O director xeral da Función Pública Subdirector xeral de RRXX e RRL



Asdo.: José María Barreiro Díaz



Víctor Gallego Víncent